




## AS EXPRESIÓNS ARTÍSTICAS E CULTURAIS. A ARTE NO CAMBIO DE SÉCULO



*Impresión, sol nacente (Monet-CCO 1.0)*



# ÍNDICE

---

## AS EXPRESIÓNS ARTÍSTICAS E CULTURAIAS. A ARTE NO CAMBIO DE SÉCULO

1. AS EXPRESIÓNS ARTÍSTICAS E CULTURAIAS NO CAMBIO DE SÉCULO.....	1
1.1 Impresionismo.....	1
1.2 O Postimpresionismo.....	2
1.3 O Fauvismo.....	3
<i>Exercicios</i> .....	3
2. AS VANGARDAS.....	5
2.1 O Expresionismo.....	6
2.2 O Cubismo.....	6
2.3 O Dadaísmo.....	6
2.4 O Surrealismo.....	7
<i>Exercicios</i> .....	7
3. PICASSO E O <i>GUERNICA</i> .....	9
3.1 Período azul (1901-1904).....	9
3.2 Período rosa (1904-1906).....	9
3.3 O Cubismo.....	9
3.4 Etapa clásica e surrealista.....	9
3.5 Os últimos anos.....	10
3.6 O <i>Guernica</i> . Un estudo en profundidade.....	10
SOLUCIÓNS.....	12

## 1. AS EXPRESIÓNS ARTÍSTICAS E CULTURAIS NO CAMBIO DE SÉCULO

O século XIX estivo marcado a nivel xeral por unha serie de transformacións moi profundas de carácter económico, político e social. O impacto e a expansión da Revolución Industrial e as transformacións políticas, sociais e tecnolóxicas que o acompañaron tiveron un grande impacto no mundo da arte, e levaron os artistas a intentar reflectir esta nova realidade contemporánea ao tempo que cuestionaban o papel da arte dentro da sociedade. Deste xeito, o tránsito do século XIX ao XX marcou unha revolución na Historia da arte occidental. Neste período, os artistas romperon coas convencións académicas e exploraron novas formas de representar a realidade, como foi a experimentación lumínica do **Impresionismo** e a procura do simbolismo do **Postimpresionismo**.

### 1.1 Impresionismo

O **Impresionismo** é un movemento artístico que xorde en Francia na segunda metade do século XIX, arredor da década de 1870, como unha reacción fronte á pintura tradicional que, naqueles momentos, seguía unhas normas moi estritas marcadas pola academia. Fronte a estas normas, os pintores impresionistas non querían representar a realidade de forma exacta, nin contar grandes historias mitolóxicas ou relixiosas. Eles aspiran a captar a sensación fugaz das escenas a través da representación da luz e das cores, así como a súa transformación en función das horas do día e das estacións.

A súa maneira de pintar era revolucionaria. A invención dos tubos de pintura portátiles permitiulles abandonar os talleres e saír pintar ao aire libre, para observar directamente a natureza e poder captar así os momentos fugaces. Neste contexto, Eduard Manet (1832-1883), aínda que non se considerou parte deste movemento, é sinalado como unha figura clave de cara á súa creación ao exercer unha grande influencia sobre os artistas impresionistas que en moitos casos o consideraban un mestre.



O bar do Folies Bergère (Manet-CC BY 2.0)


A técnica impresionista destacaba polas pinceladas soltas, rápidas e visibles. Recorren a cores puras e moi luminosas, e case nunca usan o negro, eliminando os contornos definidos para crear sensación de movemento. O obxectivo final non era o detalle, senón transmitir unha emoción.

Os temas representados están vinculados coa vida urbana, o lecer burgués e as paisaxes efémeras, como poden ser as estacións de tren, os cafés ou os parques.

O nome do movemento nace do cadro de Claude Monet *Impresión, sol nacente* de 1872. Un crítico, coa intención de burlarse, chamou *impresionista* a exposición onde se mostraba o cadro, pero os artistas alí presentes adoptaron o termo como propio.

Os principais artistas foron:

- **Claude Monet (1840-1926):** experto en capturar a luz con pinceladas vibrantes, priorizando a percepción sobre o detalle. Xunto coa obra mencionada que dá nome ao momento, é especialmente interesante o seu estudo sobre a catedral de Rouen, que representou en máis de 30 ocasións ao longo do tempo baixo distintas condicións atmosféricas para amosar como a luz modifica a percepción da realidade.
- **Pierre-August Renoir (1841-1919):** destaca polo seu estilo luminoso e cálido. Emprega cores vivas e pinceladas soltas, propias do Impresionismo. Interésase sobre todo pola figura humana e polas escenas cotiás. Algunha das súas obras máis senlleiras son o *Almorzo dos remeiros* (1881) ou *As grandes bañistas* (1887).
- **Edgar Degas (1834-1917):** centrouse nas escenas urbanas e nos interiores, foron especialmente interesantes os seus estudos sobre as bailarinas, captando os movementos espontáneos e as perspectivas innovadoras con encadramentos pouco convencionais.



A *Catedral de Rouen*  
(Monet-PDM 1.0)

## 1.2 O Postimpresionismo


Logo do impacto causado polo Impresionismo, moitos artistas sentiron que este estilo tiña límites. Isto provoca que, a finais de século, xurda o **Postimpresionismo** como unha resposta persoal e crítica ao Impresionismo, mantendo algúns dos seus logros técnicos pero buscando novos camiños expresivos. Non foi un movemento organizado, xa que non houbo nin manifestos nin exposicións conxuntas. O termo aglutina un conxunto de autores que, partindo do Impresionismo, buscan superar os seus límites.

Así, non existe un estilo postimpresionista, aínda que comparten algúns elementos, como o rexeitamento do Naturalismo estrito dos impresionistas, un maior interese pola estrutura e a composición e unha procura dunha pintura subxectiva que transmita emocións, ideas ou visións interiores alén da realidade.

Os principais artistas foron:

- **Paul Cézanne (1839-1906):** considerado como o pai da arte moderna. Interésase pola estrutura da natureza, aspirando a representar a realidade de maneira sólida e duradeira. Nas súas paisaxes e bodegóns reducía os obxectos a formas xeométricas básicas.

- **Vincent van Gogh (1853-1890):** a súa pintura é moi emocional. Recorre a cores intensas con pinceladas dinámicas e formas ondulantes. Intenta expresar máis o que se sente que o que ve. Influirá moito no movemento expresionista.
- **Paul Gauguin (1848-1903):** buscaba unha arte espiritual, simbólica e primitiva. Emprega cores planas, contornos marcados e temas exóticos. Esta procura do exotismo levouno primeiro á Martinica e despois a Tahití, onde terminou os seus días.



Autorretrato  
(Vincent van Gogh-  
CC BY-SA 4.0)


### 1.3 O Fauvismo

O **Fauvismo** xorde en Francia como unha extensión radical do Postimpresionismo, especialmente da liberdade cromática de Van Gogh e Gauguin. O termo *fauves* (feras) foi acuñado pola crítica en 1905, para burlarse da intensidade salvaxe das súas cores. Os artistas fan unha aposta radical que busca liberar a cor, exaltar a emoción e romper co realismo tradicional. Esta corrente tivo un enorme impacto na arte moderna posterior.

As características básicas son o emprego de cores moi vivas, intensas e non naturais (arbores azuis, ceos vermellos...). Formas moi simplificadas, sen profundidade e dándolle unha grande importancia á subxectividade, onde o artista pinta o que sente e non o que ve, as cores son máis un vehículo de sentimentos que da propia realidade.

O artista máis destacado foi:

**Henri Matisse (1869-1954):** é o gran referente do Fauvismo. Pintaba con cores planas e brillantes. Composicións sinxelas pero moi potentes, facendo retratos con cores antinaturalistas e liñas audaces.



Retrato da muller do  
artista (Henry Matisse-  
dominio público)

## EXERCICIOS

### Exercicio 1

Indica se as seguintes frases son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- O Impresionismo buscaba representar a realidade con total exactitude.
- Van Gogh utilizaba cores intensas e pinceladas expresivas para transmitir emocións.
- O Fauvismo destaca pola precisión dos detalles e a representación realista.
- O termo Impresionismo xurdiu como unha burla pero foi asumido polos artistas.
- O Postimpresionismo foi un movemento conxunto con exposicións e manifestos.



## Exercicio 2

Relaciona cada artista coa característica ou idea que mellor o define:

Claude Monet / Paul Cézanne / Henri Matisse / Edgar Degas / Paul Gauguin

- Inspirado polo exotismo e a arte primitiva.
- Estudo da luz cambiante sobre a mesma arquitectura.
- Composicións simples con cores vivas e antinaturalistas.
- Representación de bailarinas e escenas urbanas.
- Busca da estrutura xeométrica da natureza.

## Exercicio 3

Cal destas afirmacións describe mellor o obxectivo do Impresionismo?

- Representar mitos clásicos con gran detalle.
- Captar sensacións efémeras a través da luz e da cor.
- Emprender unha crítica social directa.
- Pintar a partir da imaxinación e dos soños.

## Exercicio 4

Que elemento técnico evitaban os impresionistas nas súas obras?

- Pinceladas visibles
- Cores puras
- Contornos definidos
- Escenas cotiás



## 2. AS VANGARDAS

---

O termo *Vanguardia* adoptouse no ámbito artístico a principios dos século XX para definir os movementos que aspiraban a romper radicalmente coas tradicións estéticas, propoñendo novas formas de creación. As Vanguardas non só procuraban unha innovación formal, senón que cuestionaban o propio papel da arte na sociedade, converténdose nunha ferramenta de crítica política, cultural e existencial.

As Vanguardas artísticas xorden nun período de profundos cambios a múltiples niveis. A nivel político, a Primeira Guerra Mundial e a Revolución Rusa. No ámbito filosófico cabe destacar a importancia da teoría da psicanálise expresada por Freud. No ámbito tecnolóxico, o desenvolvemento da fotografía e do cine restoulle á pintura a súa función representativa e levou os artistas a explorar linguaxes diferentes.

Aínda que cada movemento ten particularidades, as Vanguardas comparten trazos comúns:


- **O rexeitamento da arte tradicional e académica:** rachan co pasado e rexeitan as normas clásicas.
- **A actitude experimental e rupturista:** empregan materiais non tradicionais e novas tecnoloxías.
- **Os manifestos programáticos:** intentan explicar as súas ideas a través de textos onde definen as súas ideas.
- **A interdisciplinabilidade:** a fusión das artes plásticas con outras modalidades artísticas, empregando novas técnicas e materiais e intentando relacionar todo coa política, a filosofía, a psicoloxía e os cambios tecnolóxicos.
- **O compromiso político:** vincúlanse moitas veces con ideoloxías revolucionarias de esquerda, como o comunismo ou o anarquismo.

En xeral, as Vanguardas sentaron as bases da arte actual, a través da valoración da arte como concepto, onde a idea prima sobre a técnica. Isto contribúe á liberdade formal, onde non se poñen límites á expresión artística nin nos materiais empregados nin nas técnicas desenvoltas. Por último, destacar que influíron de maneira determinante á hora de presentar a arte como unha ferramenta de protesta política. Entre as principais críticas que recibiron cabe destacar a do seu **elitismo**, moitas obras eran inaccesibles para o público xeral, e a da **comercialización**, xa que, a pesar da súa orixe antisistema, moitas destas correntes foron absorbidas polo mercado da arte.

## 2.1 O Expresionismo

O **Expresionismo** é un movemento artístico e cultural que nace en Alemaña a comezos dos século XX, nun momento de grandes incertezas e tensións sociais, e pretendía ser unha resposta ás inestabilidades políticas e ás crises económicas.

O principal obxectivo vai ser expresar emocións intensas e subxectivas, a miúdo transformando a realidade para transmitir estados de ánimo e sentimentos. As cores intensas e simbólicas e as pinceladas enérxicas, así como as formas distorsionadas para intensificar o sentimento, son elementos característicos deste movemento que aborda temas como o sufrimento humano, a soidade ou a inquietude existencial. Entre os seus expoñentes máis destacados está Edvard Much, autor dunha das obras máis representativas deste movemento, *O berro*.



"O berro" (Munch- PDM 1.0)

## 2.2 O Cubismo

O **Cubismo** é un movemento artístico que xorde en Francia a principios do século XX, os seus principais impulsores son Pablo Picasso e George Braque. O Cubismo representa unha ruptura total coa pintura tradicional, xa que non busca representar a realidade senón que pretende analizala. Descompón a realidade en formas xeométricas, como cilindros, esferas e, sobre todo, cubos, de aí o seu nome. Rexeita a perspectiva tradicional e os obxectos aparecen representados dende varios ángulos ao mesmo tempo. Nas fases máis avanzadas, os artistas incorporan colaxes, textos e materiais diversos ás obras.



Picasso. *As señoritas de Avignon*  
(Candy Mar-CC BY-NC-SA 2.0)

O impacto do Cubismo foi moi importante, ao revolucionar a representación do espazo, e tivo unha importante influencia sobre o deseño gráfico e a arquitectura. Unha das obras máis representativas é *As señoritas de Avignon* de Picasso.

## 2.3 O Dadaísmo

O **Dadaísmo** naceu coma unha reposta artística radical fronte ao despropósito da Primeira Guerra Mundial, a sociedade burguesa e a cultura tradicional. Os artistas dadaístas recorren ao absurdo como ferramenta expresiva, manifestando un aberto desprezo pola lóxica e o bo gusto, nunha actitude abertamente provocadora.

Unha das obras máis senlleiras desta vangarda é *A fonte* de Marcel Duchamp, na cal presenta un urinario como arte, cuestionando o concepto mesmo de arte e quen decide o seu valor.

O Dadaísmo non tivo un estilo visual único, xa que o seu obxectivo non era crear unha nova estética, senón cuestionar o sistema da arte, as súas institucións e os seus valores.



Duchamp. *A fonte* (filosofíanetdadaismo-CC BY 2.0)

## 2.4 O Surrealismo

O **Surrealismo** é un movemento artístico e literario que nace en Francia na década de 1920, como continuación dalgunhas ideas do dadaísmo pero cun novo obxectivo, inspirado nas teorías de Sigmund Freud: a exploración do inconsciente, dos soños e das imaxes ilóxicas. En 1924, as súas ideas principais aparecen recollidas no *Manifiesto surrealista*, publicado por André Breton, que defende a necesidade de crear sen control racional, deixando falar o subconsciente.



*O gran masturbador* (Dalí. Foto Alex-David Baldi-CC BY-NC-SA 2.0)

O Surrealismo buscará rachar co control racional da arte, representando o mundo dos soños, os desexos e as obsesións, mesturando realidade e fantasía. Os ambientes estarán cargados de simbolismo e de misterio, e os obxectos están representados con detalle pero colocados en contextos imposibles.

Entre os artistas máis destacados están os españois Joan Miró, cun estilo abstracto e colorido, baseado nos signos e nas formas espontáneas, e Salvador Dalí, o máis famoso dos pintores surrealistas, que destaca polo seu estilo minucioso e cheo de simbolismo.

## EXERCICIOS

### Exercicio 5

Relaciona correctamente cada movemento coa súa característica principal.

Expresionismo / Cubismo / Dadaísmo / Surrealismo

- Representación dos soños e do subconsciente.
- Uso do absurdo para criticar a sociedade e a arte.
- Deformación e cor intensa para expresar emocións.
- Descomposición da realidade en formas xeométricas.



## Exercicio 6

Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

- O Expresionismo naceu en Francia e destaca polo seu interese na representación fiel da realidade.
- O Cubismo rexeita a perspectiva tradicional e representa os obxectos desde varios ángulos.
- O Dadaísmo buscaba crear unha nova estética baseada no bo gusto e na orde.
- A obra *A fonte* de Duchamp representa un exemplo do espírito provocador do Dadaísmo.
- O Surrealismo inspira as súas ideas nas teorías do inconsciente formuladas por Freud.
- Joan Miró e Salvador Dalí son dous artistas destacados do Expresionismo.
- O Cubismo emprega formas xeométricas como cubos, esferas ou cilindros para analizar a realidade.
- O Surrealismo mestura elementos reais con outros imposibles, e crea escenas oníricas.

## Exercicio 7

Completa a frase co concepto que falta.

Cubismo / emocións / Duchamp / xeométricas / absurdo / soños / expresión

- O Expresionismo busca representar as \_\_\_\_\_ humanas dun xeito intenso e subxectivo.
- O Cubismo descompón a realidade en formas\_\_\_\_\_.
- A obra *A fonte* foi creada por \_\_\_\_\_.
- No Surrealismo, os artistas representaban os seus \_\_\_\_\_ e obsesións.
- O Dadaísmo non busca unha estética, senón a liberdade de \_\_\_\_\_.
- O \_\_\_\_\_ é unha vangarda que racha coa perspectiva tradicional.

### 3. PICASSO E O GUERNICA

Pablo Picasso (1881-1973) é unha das figuras máis emblemáticas da arte do século XX. Español de nacemento, desenvolveu a maior parte da súa carreira en Francia. Pintor, escultor e ceramista, chegou a crear máis de 20.000 obras, exploraba infinitas linguaxes artísticas que foron un reflexo dos tempos históricos e sociais en que lle tocou vivir e acabaron por convertelo nun dos grandes xenios da arte do século XX.


A obra de Picasso pasou por múltiples estilos ao longo da súa vida, marcando etapas ben diferenciadas que corresponden tanto a cambios formais como a momentos biográficos.

#### 3.1 Período azul (1901-1904)

Comenza cando se traslada a París, nun momento de profunda tristeza logo do suicidio do seu amigo Carlos Casagemas. Este período está marcado polo recurso ás cores frías como o azul e o verde escuro, que transmiten tristeza e melancolía. Durante esta fase representa escenas cargadas de dor, con mendigos, cegos e anciáns, con figuras alongadas e introspectivas. Unha obra destacada deste período é *O vello guitarrista cego*.

#### 3.2 Período rosa (1904-1906)

Coincidindo cunha etapa máis alegre e estable para o autor, as cores da súa obra vólvense máis cálidas e os temas máis lixeiros. Esta transición reflicte unha procura dunha estética máis optimista, en contraste co período anterior. Deste xeito, predominan as tonalidades rosadas e ocres, que dan nome ao período, ao tempo que pinta saltimbanquis, arlequíns e figuras femininas que amosaban unha nova luz e unha aproximación máis lúdica á representación do ser humano.



Picasso. "Garçon à la pipe"  
(Markldiaz-CC BY NC-SA  
2.0)

#### 3.3 O Cubismo

A chegada do Cubismo constitúe un dos momentos máis innovadores e revolucionarios da carreira de Picasso. Neste momento, o artista desenvolve unha nova maneira de representar a realidade, fragmentando as formas e presentándoas dende múltiples puntos de vista nunha soa superficie. Obras como *As señoritas de Avignon* (1907) marcaron o inicio deste movemento, rompendo cos canons tradicionais da perspectiva e abrindo un camiño cara á abstracción e a multiplicidade de interpretacións.

#### 3.4 Etapa clásica e surrealista

Despois da Primeira Guerra Mundial, Picasso retoma formas máis clásicas inspiradas na arte grecorromana e no Renacemento, pintando figuras monumentais e robustas. Esta fase contrasta coa abstracción do Cubismo e demostrou a versatilidade do artista para adaptarse a diferentes estilos e referentes históricos.

Paralelamente, tamén experimentará co Surrealismo, incorporando á súa obra elementos do subconsciente e usando símbolos propios do mundo dos soños. Unha obra representativa deste período é *Mulleres correndo pola praia*.

### 3.5 Os últimos anos

Picasso nunca deixou de experimentar nin de innovar, e asemade seguiu explorando novos estilos e reinterpretando mestres antigos como Velázquez ou Goya. Pinturas como *Masacre en Corea* amosan o seu compromiso coa denuncia da violencia e o sufrimento humano e como, ata o final da súa obra, intentou seguir buscando maneiras de expresar as contradicións do mundo contemporáneo.

### 3.6 O *Guernica*. Un estudo en profundidade



Picasso, "Guernica" (Foto Robert Husffstutter-CC BY-NC-SA 2.0)

O *Guernica* é unha das obras máis icónicas da arte do século XX e tamén a peza máis coñecida de Picasso. É un símbolo universal contra a guerra, pintada como resposta ao bombardeo da vila vasca de Gernika o 26 de abril de 1937 por parte da Lexión Cóndor alemá durante a Guerra Civil española.

O Goberno da Segunda República encargalle a Picasso unha obra para o pavillón español da Exposición Internacional de París dese mesmo ano. Ao coñecer os horrores do bombardeo de Guernika a través das fotografías que mostraba a prensa, Picasso decidiu converter a súa encarga nunha obra que fose á vez testemuño e denuncia dos horrores da guerra.

O cadro é un óleo sobre lenzo de enormes dimensións, 7,8 metros de lonxitude e 3,5 metros de altura. Nel elimina calquera uso das cores, só emprega o negro, o branco e o gris, para incrementar o dramatismo e facer recordar as reportaxes fotográficas da época.

A obra non amosa o bombardeo en si, senón o horror das súas consecuencias. Para facelo recorre a elementos do Cubismo, o que lle permite mostrar a realidade dende múltiples perspectivas. As figuras son angulosas, cos corpos fragmentados. Non existe profundidade, todo está no primeiro plano. A pesar do caos aparente, o cadro ten unha estrutura triangular que dá equilibrio á obra, co cabalo no centro, o touro á esquerda e a muller cos brazos erguidos á dereita.

O simbolismo do representado é complexo, pero esta podería ser unha interpretación:

- **O cabalo.** Está no centro, é o corazón da obra. Simboliza o pobo masacrado.
- **O touro.** Á esquerda. Observa impasible como unha testemuña muda. Pode representar a resistencia estoica do pobo español.
- **A muller cos brazos erguidos ao ceo.** Á dereita. Nun xesto de desesperación, simboliza a agonía extrema da destrución.
- **A nai coa criatura morta.** É unha das representacións máis conmovedoras. Lembra a unha piedade clásica, símbolo universal da dor materna.
- **A lámpada.** No centro superior da obra. Ten diversas interpretacións, pero podería representar a conciencia, ou o xuízo moral.
- **A muller que sae pola fiestra.** Parece un espectro que observa. Trae unha vela acesa, símbolo da conciencia.
- **O soldado caído.** Só vemos unha man cunha espada rota e unha flor. Representa o fracaso na loita, pero tamén a esperanza no medio da destrución.



## SOLUCIÓNS

---

### Exercicio 1

- a) O Impresionismo buscaba representar a realidade con total exactitude. **Falso.**
- b) Van Gogh utilizaba cores intensas e pinceladas expresivas para transmitir emocións. **Verdadeiro.**
- c) O Fauvismo destaca pola precisión dos detalles e a representación realista. **Falso.**
- d) O termo Impresionismo xurdiu como unha burla, pero foi asumido polos artistas. **Verdadeiro.**
- e) O Postimpresionismo foi un movemento conxunto con exposicións e manifestos. **Falso.**

### Exercicio 2

- Inspirado polo exotismo e a arte primitiva. **Gauguin.**
- Estudo da luz cambiante sobre a mesma arquitectura. **Monet.**
- Composicións simples con cores vivas e antinaturalistas. **Matisse.**
- Representación de bailarinas e escenas urbanas. **Degas.**
- Busca da estrutura xeométrica da natureza. **Cézanne.**

### Exercicio 3

- Captar sensacións efémeras a través da luz e a cor.

### Exercicio 4

- Contornos definidos.

### Exercicio 5

- Representación dos soños e do subconsciente. **Surrealismo.**
- Uso do absurdo para criticar a sociedade e a arte. **Dadaísmo.**
- Deformación e cor intensa para expresar emocións. **Expresionismo.**
- Descomposición da realidade en formas xeométricas. **Cubismo.**



## Exercicio 6

- O Expresionismo naceu en Francia e destaca polo seu interese na representación fiel da realidade. **Falso.**
- O Cubismo rexeita a perspectiva tradicional e representa os obxectos desde varios ángulos. **Verdadeiro.**
- O Dadaísmo buscaba crear unha nova estética baseada no bo gusto e na orde. **Falso.**
- A obra *A fonte* de Duchamp representa un exemplo do espírito provocador do Dadaísmo. **Verdadeiro.**
- O Surrealismo inspira as súas ideas nas teorías do inconsciente formuladas por Freud. **Verdadeiro.**
- Joan Miró e Salvador Dalí son dous artistas destacados do Expresionismo. **Falso.**
- O Cubismo emprega formas xeométricas como cubos, esferas ou cilindros para analizar a realidade. **Verdadeiro.**
- O Surrealismo mestura elementos reais con outros imposibles, e crea escenas oníricas. **Verdadeiro.**

## Exercicio 7

- O Expresionismo busca representar as **emocións** humanas dun xeito intenso e subxectivo.
- O Cubismo descompón a realidade en formas **xeométricas**.
- A obra *A fonte* foi creada por **Duchamp**.
- No Surrealismo, os artistas representaban os seus **soños** e obsesións.
- O Dadaísmo non busca unha estética, senón a liberdade de **expresión**.
- O **Cubismo** é unha vangarda que racha coa perspectiva tradicional.